



Expediente núm:155/2024

Memoria Xustificativa do contrato de obra: Saneamento en Chao

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado

Artigo 159 da Lei 9/2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :

Ampliación a rede de saneamento municipal , preténdese a canalización de 880 m. de tubería de PVC de Ø250 mm, máis a execución de 36 pozos de rexistro, todo elo previa escavación de zanja e posterior recheo e compactado da mesma. Nos cruces e treitos localizados no que se afecte ao firme actual, levarase a cabo a reposición do mesmo cun pavimento semellante ao existente. Proxéctase una estación depuradora apta para depurar unha carga contaminante correspondente a 50 habitantes equivalentes, que é o que se estima en función dos datos de poboación, constituída por unha fosa con filtro biolóxico de tres compartimentos (decantador-dixestor e filtro biolóxico) fabricado en PRFV. Ademais do equipo compacto prevese a instalación dunha arqueta con reixa para pretratamento, un separador de grasas e unha arqueta para inspección, control e toma de mostras. Completa a actuación a o acondicionamento da zona onde se instalará a EDAR, a execución dun acceso formigonado, e o peche perimetral da depuradora. Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especificanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.

Obxecto do contrato. Contrato de obras para saneamento en Chao .

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especificanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.



Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos

Están desenvolvidas no proxecto de obra, elaborado pola empresa Estudio Tecnico Gallego SA e asinada polo Enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro Enxeñeiro . Col. Nº.: 22.992

Análise Económica. Valor Estimado

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE

Base imponible:

- Total valor estimado: 84895,51 €
- Presuposto base de licitación (sen i.v.e.) 84895,51 €
- I.V.E :17,828,06 €
- Presuposto base de licitación (con i.v.e.) 102,423,57 €

Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma aparece recollida nun informe aisado polo secretario -interventor de data 22/09/2023

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador, Deputacion Da Coruña , PLAN

Confirmación do financiamento : POS+ Adicional 2/2023 . Resolucion da Presidencia da Deputacion de levantameto da condicion asinada o dia 14/06/2024

Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento. Criterios de adxudicación

Dado que a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 €, tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017 .

A elección do procedemento ven xustificada pola necesidade de favorecer a axilización de trámites establecido no artigo 28 da LCSP , que a aplicación deste procedemento fomenta .



Os criterios de adxudicación que poden ser aplicables, podendo elixir o órgano de contratación entre varios , para este contrato establece como criterios de adxudicación os seguintes:

A) Criterios avaliados mediante fórmulas

- A) Prezo**
- b) Estabilidade no emprego**
- C) Plan de igualdade**

A tramitación do expediente será ordinaria

Cualificación do contrato

Contrato de obra

- b. Análise de execución por lotes.** De acordo co establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é necesario xustificar o motivo que foi en base o informe técnico obrante no expediente así como na resolución da Alcaldía asinada o día 29/09/2023
- c. Duración .**O contrato ten unha duración de seis meses , segundo establece o informe emitido polo técnico redactor do proxecto.

As Somozas, documento asinado dixitalmente na data da sinatura electrónica.

O alcalde,

Juan Alonso Tembrás.

